

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS UNIVERSITARIAS NO ANO 2024

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento do Plan de Infraestruturas Universitarias no ano 2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no interese de establecer infraestruturas universitarias para a mellora da actividade docente e investigadora desenvolvida polas institucións universitarias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

